



Tomás Boullosa Moure, concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/01/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes días estase a celebrar a Feira Internacional de Turismo (FITUR) en Madrid. Este ano a Deputación de Pontevedra, a través do patronato Turismo das Rías Baixas, levou á Feira os 25 eventos máis destacables da provincia.

A pesar de ser declarada Festa de Interese Turístico, o Entroido de Cobres, un dos entroidos máis vistosos e participativos de Galiza e cunha tradición que se remonta a finais do século XVIII, quedou fóra.

O organismo provincial decantouse case exclusivamente pola promoción de eventos gastronómicos, deixando de lado tradicións tan arraigadas e singulares, mantidas ao longo dos tempos, como é o caso do Entroido de Cobres.

Esta non é a primeira vez que a Deputación se olvida de Vilaboa, xa que tamén xa o fixo coa promoción das Vías Atlánticas, xa que as desviaba ao seu paso por Paredes. Por cousas coma estas, o Concello de Vilaboa debe tomar medidas para que se tome en valor os recursos turísticos e culturais do noso concello.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O concello de Vilaboa demandará á Deputación Provincial a inclusión do Entroido de Cobres entre os eventos que este organismo promociona no exterior.

Segundo. O Concello de Vilaboa promocionará o Entroido de Cobres como Festa de Interese Turístico.

Vilaboa, 25 de xaneiro de 2010.

Tomás Boullosa Moure

R. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA